

CULTURA CIENTÍFICA



MATERIA ESPECÍFICA DE OPCIÓN
PARA 1º DE BACHARELATO.



INTRODUCCIÓN

Cultura Científica é unha materia **específica de opción** de **1º de Bacharelato**, cunha carga horaria de **2 horas/semana**.

A ciencia, froito do esforzo e creatividade humana, é parte do noso acervo cultural, forma ao individuo e proporciónalle capacidade de análise e de procura da verdade. Na vida diaria estamos en contacto con situacións de carácter científico que a cidadanía do século XXI debe ser capaz de entender e valorar criticamente. A materia de Cultura Científica debe contribuír a que o alumnado sexa quen de avaliar as informacións que recibe e tome decisións fundamentadas en probas científicas, diferenciándoas das crenzas e opinións.

As cuestións abordadas na materia de Cultura Científica de 1º de Bacharelato son algo máis complexas que en 4º da ESO, tratando a formación da Terra e a orixe da vida, a xenética, os avances médicos, e as tecnoloxías da información e comunicación.

CONTIDOS

A materia de Cultura Científica estrutúrase nos seguintes bloques de contidos:

- A Terra e a vida.
- Avances en biomedicina.
- A revolución xenética.
- Tecnoloxías da información e comunicación.

A QUEN VAI DIRIXIDA

A todo o alumnado, tanto do bacharelato de Ciencias como do de Humanidades e Ciencias Sociais, que teña interese por achegarse ao funcionamento da ciencia e coñecer o seu impacto na nosa realidade presente e futura.

